

# 1º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

## CRITERIOS E DESENVOLVEMENTO DA PROBA

O desenvolvemento da proba constará de dúas partes:

**Parte instrumental (pola mañá):** Os/as aspirantes deberán acudir ao centro educativo na data e hora publicada na páxina web para a realización da parte instrumental. O aspirante deberá presentarse co seu DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade, as partituras orixinais e, no caso de que o repertorio a interpretar o requira, co seu correspondente acompañamento musical.

**Parte de linguaxe musical (pola tarde):** Os/as aspirantes deberán presentarse en chamamento único na data e hora publicadas na páxina web.

## CUALIFICACIÓNS

Cada unha destas partes, cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos, en cada unha delas, para as superar.

A puntuación definitiva da proba será a media ponderada da cualificación obtida en ambas partes. Para estes efectos ponderarase a primeira parte nun 70% e a segunda nun 30%.

No caso de que non se acade a cualificación mínima nalguna das partes non se fará a media ponderada, sendo a cualificación “Non Apto”.